

**ANUNCIO do 21 de abril de 2023, da Xefatura Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta de deslindamento do monte veciñal en man común de Friol cunha propiedade particular. Expediente 2023\_3DES.**

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de **deslindamento do monte veciñal en man común de Friol coa parcela catastral 13 do polígono 57 de Friol**, presentada o 23.3.2023 pola comunidade propietaria do monte.

Con data 17.4.2023 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable relativo a esta proposta.

Contra este deslindamento, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos terreos afectados.

Durante este prazo, a documentación deste expediente estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas.

Lugo, 21 de abril de 2023

Mª Olga Iglesias Fontal  
Xefa territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

